

MONDOÑEDO ACOGIÓ LA PRESENTACIÓN DEL CORTO

"producido por Miguel García dirixido Julio Noche"

'SIN PLOMO'

"Una productora de Nueva Orleans está interesada en el guión"

La casa de cultura de la ciudad del Masma fue el escenario de la presentación del cortometraje 'Sin Plomo', producido por el misiondeense Miguel García Fernández, y dirixido por el sancibense Julio Noche junto a Jorge

El vecino de Mondoñedo, Miguel García, encargado de la producción del corto, eligió su ciudad natal para la inauguración oficial del mismo, contando en todo momento con el apoio del goberno local, que acudido casi en

particulares. Después de su estreno en Mondoñedo, el pasado 23 de deciembre, el corto se presento en Santiago de Compostela en la Fundación Caixa Galicia. Ahora su equipo directivo esta pendiente de su proyección en la Televisión de Galicia, y de su elección como uno de los mejores cortos del año, en el programa Versión Española de TVE. Miguel García, Productor audiovisual de la cinta, destacou el intenso trabao realizado por el equipo "Una obra de este tipo necesita mucho tiempo y esfuerzo, pero al contar con un proyecto sólido y consistente, conseguimos el apoio de otras personas para llevar a cabo nuestra labor. Las críticas en general fueron muy buenas, y eso nos

anima seguir en la misma línea de trabao", apuntó el misiondeense Miguel García. "Sin Plomo" se proyectará en más de 100 festivales nacionales y en otros muchos ayuntamientos de Galicia, intentado con esta medida de divulgación, sacar el máximo rendimiento a la producción del cortometraje. En estos últimos días este equipo audiovisual gallego ha recibido una muy buena noticia, una productora independiente de Nueva Orleans, en Estados Unidos, está interesada en coproducir su guión para un largometraje que se proyectaría a nivel internacional. Una opción que podría promocionar a Medianoche Producciones fuera de España.



El corto fue rodado en una gasolinera de Santiago de Compostela

Saavedra. El metraje, con una duración de 20 minutos y rodada íntegramente en una gasolinera de Santiago de Compostela, recrea un atraco con distintos desenlaces dependendo de la imaginación de cada personaje. Una trama que mantiene en vilo al espectador, y que ha tenido muy buena acogida, no sólo entre el público misiondeense, sino además en el resto de Galicia.

pleno a la proyección de la cinta. Este corto fue uno de los elegidos por la Consellería de Cultura para recibir una subvención para su puesta en marcha, de ahí que parte de la financiación se consiguiera a través de este organismo oficial. El resto del presupuesto se obtuvo con fondos de la propia productora, 'Producciones Fin de Semana', y gracias a otras pequeñas aportaciones



TABLÓN ANUNCIOS MONDOÑEDO

+ INFO. 982 52 40 03

VIII EDICIÓN DE POESÍA DÍAZ JÁCOME PARA NOVOS CREADORES

O Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, convoca o VIII Premio de Poesía Díaz Jácome dirixido a todas as persoas, de idade non superior a 30 anos, de calquera nacionalidade. Os poemas presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en galego, non premiados en outros certames, e non superiores a 150 versos. Este concurso consta de tres premios dotados con 1500 euros, 600 euros, e 300 euros respectivamente, ademais de placa conmemorativa e diploma.

La Alianza confitería

Tartas de Mondoñedo y pastelería artesana
 Progreso 22
 Telf: 982 52 11 00
 609 45 78 30
 Mondoñedo
 www.confiterialalianza.com

DESFILE DE ANTROIDO

O Concello de Mondoñedo organiza o Concurso de Desfile de Disfraces que se celebrará o vindeiro 24 de febreiro

Bases
 Tódolos participantes no concurso deberán inscribirse no Campo dos Pasaxariños de 16.00 horas a 17.00 horas, onde se lles entregará un dorsal co número de participación correspondente. As comparsas e charangas terán que gardar unha entidade temática tanto no seu vestuario como na súa actuación, e deberán ter como mínimo 15 participantes. A hora de conceder os premios valoraranse aspectos como a orixinalidade, o vestuario, a calidade musical, ou a actuación. Habrá premios de 390, 270, e 150 euros para os tres primeiros clasificados na modalidade de

comparsas e charangas; 360, 240, e 150 euros para os tres primeiros na categoría de grupos de máis de 10 persoas; 180, 120 e 90 euros para os grupos de 3 a 10 persoas; 72, 36 e 24 euros para os premiados por parellas; e 30, 18 e 12 euros para os tres primeiros gañadores individuais. Ao finalizar o desfile terá lugar a actuación do dúo musical. **Baile de Disfraces. Lo fan til** O baile de disfraces para os cativos terá lugar o 18 de febreiro no Casino de Mondoñedo. Esta actividade está organizada pola Asociación de Amas de Casa 'Sendeiriña'.

multibazar "CONCHI"

Artículos de Regalo, Móbiles, Madeiras, Pexes, Lámparas, artigos do hogar y complementos
 Centro Comercial Peña de Francia
 Mondoñedo
 Telf. 982 521 054
 678 982 626

8 marzo

CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O CIM do municipio de Mondoñedo, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo, organiza unha cena baile para mulleres o venres 9 de marzo no restaurante Monteco. As que desexan acudir poderán inscribirse no teléfono 982 52 13 69

LIGA LOCAL DE TENIS DE MESA

Actividade deportiva organizada pola Delegación de Deportes de Mondoñedo que se celebrará no pavillón municipal. Os interesados deberán apuntarse, antes do 15 de febreiro, nos teléfonos 6351 0122 ou 605790091, ou mandando un e-mail a deportes@cmundonedo.com

OPORTUNIDADES

XVIII Concentración motociclistas Ruta N-634, que se celebra en Mondoñedo o 10 e o 11 de marzo. Organiza o Concello de Mondoñedo e Moto Club Ruta N-634, en colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.



"Confitería Museo O rei das Tartas"
 Rúa de Guevara
 Mondoñedo

UNHA GARDERÍA QUE SE ADAPTA ÁS FAMILIAS

Un dos servizos sociais con máis demanda do municipio de Mondoñedo é a escola infantil, unha gardería que ofrece coidados aos nenos de 0 a 3 anos nun horario moi flexible: de 7 da mañán a 8 da tarde. Foi a partir de maio do 2003 cando este servizo se xestionou de forma íntegra dende o Concello, a partir desta data cambiáronse os modelos de explotación

do mesmo, antepoñendo sempre as necesidades dos pais e das familias ás propias do centro. Hoxe esta gardería conta con 41 prazas dispoñibles en xornada completa, e 4 prazas máis para a xornada partida, e segue a ser unha das asistencias municipais máis valoradas pola maioría dos que residen no concello de Mondoñedo.

Na actualidade 45 nenos menores de tres anos son atendidos neste centro

Esta escola conta coa asistencia dun logopeda e dunha dietista para os seus alumnos

Unha das novidades do servizo foi a posta en marcha dunha escola de pais, un proxecto educativo familiar



Mónica Alonso, directora da gardería



A escola infantil de Mondoñedo atende diariamente, de luns a sábado, e durante os doce meses do ano, a nenos do municipio; e tamén doutros concellos da comarca que se trasladan ata aquí cos seus pais por razóns laborais. As instalacións desta gardería contan con tres aulas diferen-

más cativos, ademais das demandas de moitos pais, que por razóns laborais non poden coidar dos seus fillos durante todo o día. Aínda que a gardería permanece aberta de 7 da mañán a 8 da tarde, a Dirección non recomenda deixar aos nenos máis de oito horas na mesma. "Xa que os



Varias coidadoras atenden aos máis cativos de Mondoñedo

ciadas para cada idade; ademais dunha sala de ordenadores, un salón para audiovisuais, cociña, comedor, un pequeno dormitorio con cambiadores, e un parque no exterior para xogos. Actualmente traballan neste centro infantil, ademais da súa directora, Mónica Alonso Basanta, 8 educadoras, e dúas persoas adicadas ao mantemento das instalacións, e ao servizo de comedor; atendendo ás necesidades infantís dos

cativos deben de estar o máximo posible cosas súas familias", apuntou Mónica Alonso, directora desta escola, que tamén asegurou, "que a gardería é un servizo social polo que ten que adaptarse ás familias, non as familias á gardería". Dende que o Concello se ocupa de xestionar este servizo social foron moitos os adelantos e novidades que se introduxeron no mesmo. Deste xeito cóntase co asesoramento dun dietista

para o comedor; a prestación dun logopeda que revisa aos nenos cando comezan a falar, e lles realiza asemade un seguimento; e a ampliación e flexibilidade no seu horario. O persoal que presta aquí o seu labor tenta enfocar todo o seu traballo en función das necesidades educativas, sociais, e físicas dos nenos e nenas, sempre a través dunha función de enseñanza que consiga que cada alumno sexa nun futuro un ser social, autónomo, e independente. Outra das novidades coas que partiu a gardería municipal desde os seus inicios foi a Escola de Pais, un proxecto educativo familiar que se desenrola unha vez ao mes, e que pretende servir como intercambio de experiencias entre as familias con nenos pequenos. En cada sesión desta actividade, unha psicóloga tenta orientar aos pais sobre as dúbidas que podían ter cos seus nenos, ou coa labor das coidadoras. A gardería municipal de Mondoñedo segue a ser un dos apoios máis valorados polos veciños, de feito dende a Dirección realízanse semanalmente boletíns informativos sobre a actividade diaria de tódolos nenos, e tamén se levan a cabo enquisas entre as familias sobre a valoración da maioría das prestacións ofrecidas.

